

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 448/2018

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Procedemento de Contratación

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

UNIDADES MODULARES DE COMPOSTAXE (UMC) PARA A FORMACIÓN DE CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA (CCC) AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA A CONSOLIDACIÓN DO PLAN REVITALIZA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA			
Procedemento: aberto		Tramitación: ordinaria	Tipo de contrato: suministro
Clasificación CPV: 44613800-8	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación (sin IVE): 42.000,00 €		Impostos: 8.820,00€	Total: 50.820,00 €
Valor estimado do contrato: 42.000,00 euros			
prazo execución:	Entrega no prazo de 30 días	En todo caso, entrega antes do día 01/03/2019 (prazo máximo de instalación dos subministros).	
Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: 5%	Garantía complementaria: Non

Á vista da Resolución aprobando o expediente de 12 de decembro, pola que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e os de prescricións técnicas (PPT) redactados polo servizo de asistencia a municipios da Deputación Provincial de Pontevedra que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

Visto que na cláusula duodécima do PCAP se establece que "A Mesa de Contratación constituirase ás 10:00 horas do terceiro día hábil seguinte ao do remate da presentación de proposicións sen perxuízo de que poida atrasarse ata o décimo día hábil no caso de que non figuren a totalidade das proposicións presentadas no Servizo de Contratación, ou no caso de que razóns de organización técnico-administrativas do concello así o esixisen, o cal se anunciará oportunamente no perfil do contratante con 24 horas de antelación"

Tendo en conta as numerosas festividades de nadal que poden dilatar a presentación de proposicións no servizo de contratación e o disfrute das vacacións por moitos dos designados como membros da mesa de contratación se prevee imposible a constitución da mesa de contratación ó terceiro día hábil,

Polo que, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO



Concello de Mondariz

PRIMEIRO. Ordenar a constitución da *Mesa de Contratación* ás 10:00 horas do sétimo día hábil seguinte ao do remate da presentación de proposicións e anunciar oportunamente no perfil do contratante con 24 horas de antelación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

